



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2011

Ás 10.05 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Sr. Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustifica a súa ausencia o Sr. Manuel Casteleiro Maldonado.

1. Informe do reitor

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a realización da sesión, o reitor abre o Consello de Goberno dando conta, en primeiro lugar, da realización, o 22 de setembro, dun Consejo de Universidades en Madrid, en que se informou sobre distintos proxectos de real decreto con que o Ministerio pretende finalizar o seu traballo durante a presente lexislatura. Presentouse a Memoria económica do proxecto de Real decreto do Estatuto do PDI, e un informe sobre o proxecto do RD de creación de centros universitarios, co que se trata de condicionar o tamaño mínimo dos centros universitarios privados. Votouse en contra do proxecto de RD que regula a prórroga extraordinaria da xubilación forzosa aos 75 anos.

En segundo lugar, o reitor deu conta dos cambios operados nos consellos sociais das tres universidades como consecuencia da sentenza 626/2011, de 7 de xuño, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que anulou o proceso de selección dos membros pertencentes aos sindicatos máis representativos.

Respecto da convocatoria deste ano do Campus de Excelencia Internacional, o reitor informa de que a nosa candidatura non pasou o corte, a pesar de acadar unha boa valoración. Subliña que o proxecto segue a ser un documento básico da estratexia de futuro da UDC.

A seguir, o reitor cédelle a palabra á vicerreitora de Investigación, quen sinala que o 19 de agosto saíu no DOG unha Orde pola que se cambiaban as datas de xustificación dos proxectos de investigación concedidos pola Xunta. Posteriormente, recibíronse chamadas desde a Xunta anunciando que se ían ampliar os prazos ao 5 de decembro. Esta modificación está pendente de publicación no DOG. A convocatoria de contratos predocs saíu no mes de xullo e a de estadías do persoal do sistema universitario sae hoxe no DOG. Resolveuse no mes de agosto a prórroga das axudas de consolidación. Non vai haber axuda aos grupos de investigación este ano. Destaca que dez



doutoramentos máis en que participa a UDC recibiron o informe favorable para obter a mención de calidade do Ministerio.

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa sobre a recente presentación de 5 proxectos da UDC, vinculados aos Centros Tecnolóxicos, á convocatoria de proxectos de Fondos Tecnolóxicos do programa FEDER, xestionados polo Ministerio de Ciencia e Innovación. O remate do prazo de presentación foi o 15 de setembro e a UDC deberá cofinanciar con fondos propios un 30%.

O vicerreitor comenta tamén o acordo coa Fundación Barrié para financiar determinados proxectos de grupos de investigación da UDC, en concreto un do grupo Exprela (de Esperanza Cerdán) e outro proxecto do grupo de Arquitectura de Ordenadores (de Ramón Doallo).

Houbo outro proceso de selección de empresas para o viveiro de empresas, do que resultaron gañadoras as empresas AllGenetics e Hidrosoft. Finalmente, o vicerreitor informa de que o 22 de setembro se reuniu o comité de traballo do grupo de responsabilidade social universitaria para seguir desenvolvendo a cátedra Inditex de RSC. Presentouse a proposta de nomeamento da profesora Marta Rey García como responsable da cátedra. Así mesmo, deu conta do relevo na cátedra Jorge Juan, da que pasa a ser director o profesor Fernando Luis Agulló Leal.

A vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías informa de que o 12 de setembro saíu a convocatoria de grupos departamentais de calidade, nas súas dúas liñas (titulacións non adaptadas e adaptadas ao EEES).

Tamén informa da publicación dirixida ás direccións dos centros sobre as convocatorias de Profesor Responsable de Calidade e Convergencia e de Profesor Coordinador de Mestrados

O vicerreitor de Cultura e Comunicación intervén para lembrar que o vindeiro sábado se vai celebrar en Tomiño a Segunda Regata das Universidades Galegas e do Norte de Portugal.

O vicerreitor de Planificación Económica informa de que desde o anterior Consello de Goberno imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2010 no expediente V-0010-11 por importe de 48.172,98 € e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 27 de setembro validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2011 por importe de 716.473,76 € no expediente C-0005-11.



O vicerreitor informa tamén de que as negociacións dos novos criterios estruturais e dos planos de sustentabilidade do plano de financiamento, das que a Comisión de Asuntos Económicos está informada polo miúdo, parecen estar a punto de pecharse, cun significativo atraso sobre o previsto. Respecto dos criterios estruturais, a UDC ten importantes discrepancias co enfoque presentado, e respecto do plano de sustentabilidade, no mes de agosto foron rexeitados inicialmente os das tres universidades. Mantivéronse conversas ao máximo nivel en defensa das posicións da UDC e as perspectivas son pouco esperanzadoras no caso dos criterios, pero prometedoras no do plano de sustentabilidade.

O vicerreitor de Profesorado dá conta de dúas convocatorias de tres prazas de contratado interino de substitución polo procedemento de urxencia, o 8 e o 16 de setembro, para a cobertura de necesidades docentes imprevistas e que figuran como **anexo III**.

O reitor retoma a palabra para informar da substitución de José Ramón Méndez Salgueiro por Moisés Alberto García Núñez, da Facultade de Ciencias do Traballo, como representante dos directores de centro no Consello de Goberno. Por último, o reitor agradece en nome da comunidade universitaria os servizos prestados polos profesores Xosé Manuel Casabella, Primitivo González e SAGRARIO LÓPEZ POZA, que se xubilan mañá, a quen despide cun cordial desexo de boa sorte.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 22 de xullo de 2011

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, o secretario xeral fai mención á corrección da acta, en que non se fixo constar a ausencia xustificada de M.^a Carmen Barreiro Daponte.

Tras a anterior corrección, a acta apróbase por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo IV**, que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (4), convenios específicos (17) e convenios para prácticas (66) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.



A listaxe apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se proceder, do novo Regulamento electoral xeral

O reitor cédelle a palabra ao secretario xeral, quen resume os principais aspectos da Memoria explicativa achegada coa nova versión do REX. Esta versión elaborouse tras os informes da Comisión Electoral Central, e a análise das emendas presentadas por varios interesados, buscando a maior participación e transparencia na elaboración do regulamento. O proxecto de REX que se somete á consideración do Consello de Goberno trata de mellorar a eficiencia do procedemento electoral xeral con distintas medidas concretas, cunha mellor técnica normativa e coa aposta polas novas tecnoloxías, que se recollen todas na Memoria que acompaña o texto do Regulamento.

En quenda de intervencións, o profesor Luis Castedo toma a palabra para reiterar tres das súas emendas: que a papeleta de votación se introduza nun sobre; que se manteña o horario de votación de 10:00 a 20:00; e que non se inclúa o voto anticipado telemático máis que de xeito optativo.

D. José María Castrillo, en representación de IESGA, lamenta que non se aceptasen máis emendas, polo que anuncia a abstención na votación, en nome de IESGA, non a título persoal.

Xosé Portela intervén para lamentar que non se aceptase a petición de que a presidencia das mesas fose aberta a estudantes e PAS. Nuria Vieira tamén intervén para pedir aclaración sobre cando se debe facer o escrutinio en caso de que voten todos os electores da mesa correspondente.

En quenda de réplica, o secretario xeral indica que a votación por papeleta dobrada se vén facendo desde 2007, e nunca deu lugar a ningunha denuncia por vulneración do segredo, nin a ningunha impugnación de mesa, sendo unha medida que supón tanto un aforro económico como tamén un aforro de tempo na realización dos escrutinios. O horario proposto no novo regulamento (das 11:00 ás 19:00 h) axeita os tempos de votación ao horario de maior presenza dos votantes nos centros; permite o voto tanto en quenda de mañá como de tarde; e permite tamén unha máis cómoda constitución das mesas electorais, así como un escrutinio máis rápido. Igualmente, insiste en que o voto anticipado non estaba previsto nas eleccións a reitor e introdúcese agora para facilitar a participación, aproveitándose para pór en práctica nun abano reducido de votantes a aplicación informática de voto electrónico, que goza de todas as auditorías de seguridade e fiabilidade necesarias, por ser o



programa específico encargado polas tres universidades galegas en 2010 para votación electrónica.

Respecto da posibilidade de os PAS presidiren as mesas electorais, o secretario xeral sinala que esa emenda foi longamente discutida no seo da Comisión Electoral Central, e rexeitouse por ampla maioría. A presidencia das mesas por un membro do sector A do PDI é unha convención tradicional da UDC que facilita a súa determinación automática, pero que non se dirixe contra ningún dos sectores da comunidade universitaria. Cambiar esa convención suporía facer alteracións na aplicación informática, algo que non parece prudente se temos en conta que o vindeiro procedemento de elección de reitor será o último en que se constitúan mesas electorais nos distintos centros. Respecto da intervención de Nuria Vieira, o secretario aclara que o regulamento electoral xa se estaba interpretando conforme ao criterio de unidade de acto, de modo que, con independencia de que unha mesa poida pechar anticipadamente no caso previsto no artigo 20.1, o escrutinio, que é público, debe comezar á mesma hora para todas as mesas (19:00).

Sometida a votación, a proposta resulta aprobada por 24 votos a favor, 10 votos en contra e 7 abstencións segundo figura no **anexo V**.

5. Modificación do Regulamento de avaliación por compensación

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións trata o punto expoñendo que se trata dunha adaptación puntual do regulamento aos títulos de grao e mestrado, polo que non é intención da proposta abrir ningún debate sobre un regulamento que veu funcionando ben desde a súa aprobación.

O profesor Primitivo González sinala dous baleiros, que ao seu xuízo, existen na norma. Segundo el, o artigo 1 ten unha redacción que convén matizar. A vicerreitora replica que por vía interpretativa xa se está facendo como defende o profesor González. Respecto do artigo 6, os efectos académicos, a vicerreitora di que xa está previsto que non se inclúan nas medias académicas, por non ser unha cualificación.

Toma a palabra o profesor Xabier de Salvador, quen opina que o procedemento é demasiado regrado. Non hai xuízo académico ningún por parte do tribunal. Parece máis un acto administrativo que un acto académico. Tamén considera que a nota media debe reconsiderarse e clarificarse. O seu criterio é que debería ser a nota media numérica de 0 a 10, que é a utilizada polo profesorado á hora de cualificar.



Pedro Nogueira intervén tamén para solicitar unha reconsideración dos requisitos de concesión da avaliación por compensación.

A vicerreitora considera que non é o obxectivo de hoxe entrar no fondo do regulamento, senón que se trata dunha simple adaptación ao EEES. Ademais, subliña que non hai críticas ao funcionamento do regulamento. Señala que as medias académicas son establecidas de xeito homoxéneo por normas estatais e da Xunta de Galicia, polo que non hai marxe neste sentido.

Xabier de Salvador replica que para el se trata dun procedemento interno, en que non habería que respectar as medias establecidas pola Consellaría.

Tras o anterior debate, o regulamento apróbase por asentimento segundo figura no **anexo VI**.

6. Programa de simultaneidade de estudos de Grao en Ciencias Empresariais e Grao en Turismo

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións expón que se trata de continuar o camiño andado coa dupla licenciatura ADE-Dereito, nunha liña que está a dar moi bos resultados. A vicerreitora expón que o programa foi moi traballado por ambos os centros, e reforza a competitividade da nosa oferta académica. Constitúe un modelo a seguir para outras titulacións que están a barallar distintas posibilidades de simultaneidade de estudos.

O profesor Anxo Calvo toma a palabra para destacar o esforzo da Vicerreitoría en sacar adiante un programa de simultaneidade que ten a complexidade engadida de ser un dos seus centros un centro adscrito. O decano eloxia tamén o feito de que se potencie o Grao en Ciencias Empresariais, agardando que teña o mesmo éxito que a simultaneidade de Dereito-ADE.

Apróbase por asentimento o programa de simultaneidade de estudos de grao en ciencias empresariais e turismo segundo figura no **anexo VII**.

7. Revogación de títulos de mestrado universitario

A vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións solicita a revogación de dous mestrados: o de Investigación en Tecnoloxías Navais e Oceánicas, e o de Enxeñaría e Tecnoloxía Industrial.



Trátase dunha revogación solicitada pola Xunta de Galicia, ao se verificar positivamente o Mestrado Universitario en Investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais, que fusiona os anteriores.

Apróbase por asentimento a revogación segundo figura no **anexo VIII**.

8. Títulos propios de posgrao

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións somete a aprobación do Consello de Goberno dous títulos de posgrao da oferta propia da UDC.

Un é renovación, o de “Administración Marítima e Xestión Portuaria” e o outro é de nova implantación (curso “Coaching persoal e executivo”).

Apróbanse por asentimento os títulos propios de posgrao de “Administración Marítima e Xestión Portuaria” e “Coaching Persoal e Executivo” que figuran no **anexo IX**.

9. Prazas de profesorado

O vicerreitor expón os distintos cadros de prazas de profesorado que foron achegados como documentación do Consello.

O primeiro é o de cinco prazas de titular de universidade correspondentes á área de Dereito Procesual, dúas de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial, unha de Bioquímica e Bioloxía Molecular, e outra de Matemática Aplicada e que figuran como **anexo X**.

O segundo son catro prazas de PDI contratado, dúas de axudante doutor (Linguaxe e Sistemas Informáticos; Enxeñaría Mecánica) e dúas de contratado doutor (Ciencias e Técnicas de Navegación; Matemática Aplicada) e que figuran como **anexo XI**.



10. Aprobación tribunais prazas PDI funcionario

O vicerreitor somete á aprobación os tribunais para os concursos das prazas de titular de universidade aprobadas, facendo mención dunha corrección de erros que debe figurar no tribunal da praza de Bioquímica e Bioloxía Molecular, para cumprir a Lei de igualdade (na proposta orixinal había cinco mulleres titulares).

A proposta apróbase segundo figura no **anexo XII**.

11. Creación de prazas PDI segundo o programa de promoción contratados do programa Isidro Parga Pondal

O vicerreitor explica o Programa de promoción Isidro Parga Pondal, en que se xustifica a creación das prazas de PDI que se achegan como anexo cando os investigadores ou investigadoras obteñen o informe positivo da avaliación do programa. Nas prazas propostas, todas teñen informe positivo, agás unha, correspondente á área de Ecoloxía, cuxa investigadora presentou o correspondente recurso. De ser admitido o recurso, o vicerreitor explica que tamén se convocaría esa praza.

Apróbanse por asentimento as prazas que figuran no **anexo XIII**.

12. Cambios de dedicación curso 2011/2012

O vicerreitor de Profesorado explica a táboa que recolle os cinco cambios de dedicación solicitados para o curso 2011/2012. Solicítase, en todos os casos, un incremento da dedicación do profesorado (catro contratados interinos de substitución que pasan de P06 a total, e un asociado que pasa de P03 a P06).

Apróbanse por asentimento segundo figuran no **anexo XIV**.

13. Licenzas

Apróbanse as licenzas solicitadas por Matilde Masso Lago, Patricia Faraldo Cabana e Roi Blanco González para tres estadías, respectivamente, no Instituto Cresi (Universidade de Essex), no Instituto Max Planck de Dereito Penal Internacional e Comparado (Friburgo, Alemaña) e no Yahoo! Research de Barcelona e que figuran no **anexo XV**.



14. Comisións de servizo

Apróbanse as comisións de servizo, que figuran no **anexo XVI**, solicitadas polo profesor Agustín Jesús Pérez-Cruz Martín con destino na Universidade de Oviedo, e pola profesora Adelaida Rey Aneiros, con destino na DG MARE (Legal adviser in international Law of Sea and Fisheries) e data de inicio 1 de novembro de 2011.

15. Venias docentes

Apróbanse as venias docentes, que figuran no **anexo XVII**, solicitadas por Eugenia Arias González, Beatriz del Carmen García Trigo, Rosa María Pita Vizoso, Herminia Ramil Pernas e María Teresa Rei Serra, todas elas da EU de Enfermaría da Coruña.

16. Proposta de profesores honorarios

Apróbase a proposta de profesores honorarios por un prazo de dous anos para Sagrario López Poza, Xosé Manuel Casabella López e Sofía Díaz Regueira e que figuran como **anexo XVIII**.

17. Informe sobre propostas de doutoramento para a súa implantación no curso 2012-2013

Preséntanse dúas propostas para adaptación de doutoramentos do RD 1393/2007 ao novo RD 99/2011, de acordo coa normativa aprobada neste Consello de Goberno para doutoramentos que se van impartir no curso 2012-2013. Estas propostas corresponden aos doutoramentos en “Socioloxía” e “Sociedade do Coñecemento: Novas Perspectivas en Documentación. Comunicación e Humanidades”. Estes dous doutoramentos foron aprobados polo Consello de Goberno e o Consello Social da UDC e aprobada a súa implantación pola Xunta de Galicia para o presente curso, pero non se puido realizar porque se publicou o novo RD de doutoramento.

A vicerreitora expón unha nova proposta de doutoramento interuniversitario en Nanomedicina que figura como **anexo XIX**, promovido polo Centro de Nanotecnoloxía de Braga e no que participarían as tres universidades galegas e varias portuguesas. Aínda que non se trata dunha adaptación dun doutoramento existente como esixe a normativa, solicita a súa consideración polo interese estratéxico para esta universidade.

Acórdase, por asentimento informar favorablemente as tres propostas



18. Votación para a elección de representantes dos estudantes do Consello de Goberno no Consello Social

De conformidade co procedemento e calendario electoral aprobado, sométense a votación as candidaturas presentadas en tempo e forma. Feita a votación, resulta:

- José María Castrillo Neira: 4 votos
- Jorge Quintas Seoane: 2 votos

Queda proclamado representante dos estudantes do Consello de Goberno no Consello Social D. José María Castrillo Neira.

A documentación desta votación figura como **anexo XX**.

19. Votación para a elección de representantes de estudantes no Consello de Estudantes Universitario do Estado

De conformidade co procedemento e calendario electoral aprobado, sométense a votación as candidaturas presentadas en tempo e forma, co seguinte resultado:

- María Amelia Fraga Mosquera: 4 votos
- José Angel Grandío López: 2 votos

Queda proclamada representante de estudantes da UDC no Consello de Estudantes Universitario do Estado D.^a María Amelia Fraga Mosquera.

A documentación desta votación figura como **anexo XXI**.

20. Cambio de denominación da EU de Fisioterapia (nova proposta: Facultade de Fisioterapia)

O secretario xeral expón que con data 21 de xullo de 2011, a Escola Universitaria de Fisioterapia da Universidade da Coruña (campus de Oza) presentou perante a Secretaría Xeral un informe-proposta motivado sobre a conveniencia de mudar a súa actual denominación pola de Facultade de Fisioterapia. Este informe-proposta fora aprobado por unanimidade pola Xunta extraordinaria de Escola do 20 de xullo de 2011.

Vistos os anteriores trámites e a normativa de aplicación, propón adoptar o acordo favorable do Consello de Goberno desta Universidade, para ulterior tramitación.



Apróbase por asentimento o cambio de denominación segundo figura no **anexo XXII**.

21. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, Xosé Portela pregunta se a Xerencia vai pedir informe sobre a RPT ao Comité de Empresa. Solicita, por último, que se garanta a visibilidade e uniformidade das listas de prezos das cafetarías universitarias. A xerente contesta ao representante do PAS.

O profesor Miguel Muñoz solicita, á vista dos calendarios académicos aprobados para o curso 2011/2012, que se axusten as datas, dado que a data límite de cualificacións dos mestrados remata o 17 de febreiro de 2012, e se solapa coa convocatoria extraordinaria do calendario de estudos de doutoramento.

O profesor Luis Castedo pregunta se se vai traer a convocatoria de eleccións a reitor ao Consello de Goberno. O reitor di que si, de conformidade co novo Regulamento electoral xeral.

A representante de estudantes Ana Barxa pregunta sobre o uso das redes sociais que emprega a UDC (Facebook e Twitter). Contéstalle o vicerreitor de Cultura e Comunicación, que destaca o éxito que está a ter a nosa rede social.

Ana Barxa pregunta tamén se a polémica normativa de permanencia de USC se vai aplicar na UDC, e solicita máis taboleiros para cartaces no campus. O reitor contesta que a norma de permanencia é unha proposta da exclusiva responsabilidade da USC, recalcando que as normas de permanencia non se van alterar pola súa parte.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:55 h, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

O secretario xeral

Visto e prace
O presidente

Carlos Amoedo Souto

José María Barja Pérez